

NEIMNE

Sara Pazos Fabeiro



Antes de acostarse mirou pola fiestra unha última vez. Non lle importaba que a brisa fresca dunha noite de verán que se coaba no seu cuarto lle rozara a pel, nin que esta se puxese de galiña. Só quería mirar, e imaxinar que se atopaba en lugares que xamais visitou: Cianes, Locor, Mudia. . . ou simplemente calquera sitio fóra da súa vila, fóra de Dreleno.

Logo de darse conta de que xa pasaran da medianoite, apagou a pequena candeia que alumeaba a luz ténue da estancia. Deixou tras de si un fío de lume que máis tarde aparecería nos seus soños compoñendo unha tea coa que podía voar.

Cando o día naceu e o galo cantou, Morris deu comezo á súa xornada de vinte e catro horas que consiste en irse ao bar de Lociro, apostar, perder cartos, pasear polo porto mentres maldí á xente con emprego e volver a casa para maidicir só. Ultimamente un mariñeiro estranxeiro chamado Dolome era o foco dos seus insultos, pois tiña una vida enviadable: nacera nunha casa adiñeirada na que nunca lle faltou o pan, os seus compañeiros e outras moitas persoas o idolatraban e por se fose pouco, era o capitán do seu propio barco, que é nin máis nin menos, que un mercante que importaba as exóticas especias de Dímino por todo o mundo. Ao parecer este é o vixésimo destino polo que pasaban, o último para volver ao seu lugar de orixe para recoller máis material. Dolome e a súa tripulación quedaríanse unhas poucas semanas "e eu toda a miña vida", pensaba.

Aquela mañá perdeu vinte e cinco moedas de prata xogando ás cartas, e outras trinta na revancha. Estaba especialmente cabreado.

-¡Fas trampa! -Espetoulle a Lide cando perdeu a primeira partida.

-Procura xogar mellor. -Respondeulle el con toda a calma mentres se metía no peto da chaqueta o seu premio. O veterano fareiro xogara tantas veces e gañado tantas outras, que se coñecía moi ben a todos os tipos de xogadores, Morris non era a excepción. -Toma, quédate isto. -Dixo tendéndolle sete moedas.

-Non quero a túa lástima. -Resignouse.

-É máis do que conseguirás hoxe a ese ritmo, considérao un agasallo de consolación.

-Non, eu son perfectamente capaz de recuperalo sen axuda. -Non é certo e sábeno ambos. -Algún día sacareite todo o que tes. -Quería dicilo en broma pero soou ameazante.

Separou a cadeira da mesa facendo chirriar a madeira contra as lousas de pedra do chan de xeito brusco. Cando fixo un ademán de levantarse, Lide continuou:

-Iso queres?... moi ben. -Acto seguido, sacou de debaixo da mesa un saco de esparto moi pesado e colocouno costosamente sobre o mantel. Estaba cheo de moedas de prata.

-Que é iso?

-Todo o que teño, ben, en realidade é todo o que gañei hoxe. -Morris quedou mirándoo e decidiu responder antes de que preguntara.



-Dolome pasou por aquí xa hai un rato e víase confiado. Non paraba de repetirle a todos a súa habilidade como xogador, xa sabes como son os dimiños, sempre con esa estúpida necesidade de facerse notar en todas partes, en fin, que decidín poñelo a proba. ¡Non se me borrará da mente como se lle foi o sorriso da cara, púxose pálido cando perdeu aquelas duacentas moedas! -Procurou poñer énfase en "duacentas moedas".

-Queres a revancha?-Preguntou Morris de pé.

-Quérela ti?



Sentou de novo. Mentras Lide repartía outra vez as cartas, el deixou caer trinta moedas ao carón do saco. Avergonzoulle non ter máis solto.


-Só trinta? -Preguntoulle sorprendido. El non engadiu nada, "sí, só trinta" quería dicir co seu silencio. Captouno e decidiu concederlle esa vantaxe. -Está ben.

A medida que a partida avanzaba, o silencio que os invadía facíase máis incómodo por segundos e só escoitaban risas e faladorías de conversacións alleas, o bar era pequeno, pero sempre había alguén nel. Morris concentrábase en iso e mais nas canas de Lide para non prestar atención ao que pasaba na súa mesa, porque parte del presaxiaba o que ía ocorrer, e era demasiado orgulloso como para admitilo e parar. En certo momento o seu adversario intentou romper o xeo preguntándolle polo negocio de cangrexos que tiña pensado impartir. Isto molestoulle, posto que é evidente que de irlle mellor estaría a facer cousas máis importantes.

Os marisqueiros erguíanse moi cedo e levábanse todo o que atopaban, a Morris tocáballe apañarse coas sobras. Tendo en conta que a ninguén lle interesarían cangrexos do tamaño dunha faba, decidiu conservar todo o que conseguise adoptando unha vida de autoabastecemento que o obrigaba a renunciar a aqueles paseos pola praia para pasar longas horas buscando os seus propios alimentos. En máis dunha ocasión repetíase "tes que falar con Sitiel para que te axude" pero pasaran anos dende a última vez que vira ao seu pai. A partir de cando quedou viúvo fíxose imposible dirixirse a el.

A pesar disto e da loucura que padecía, fascináballe o seu traballo como cartógrafo. Navegou e explorou lugares magníficos que logo recollía nos seus mapas, lugares moi por riba das posibilidades que tiña. Por desgracia, el carecía do presuposto e contactos necesarios para cumprir ese soño dado que cortara lazos con todo o referido ao seu pai, incluíndo amigos e socios que poderían acollelo nas súas travesías. Por estes motivos os mapas que enchían as paredes e os mobles da súa casa eran completamente imaxinarios, adoitaba facelos inspirándose nunha misteriosa illa que seu pai soía chamar Neimne.

Tratábase dun compoñente do arquipélago feidrés Glocoe, na que antigamente se refuxiaron os Orcos de Mienemín durante a guerra do Lume, que tomaba o seu nome do devastador incendio que provocaran os cieños para derrotar aos seus inimigos e gañar aquela guerra. Polo seu tamaño era comprensible que outros cartógrafos non reparasen nel nin lle desen importancia, pero en Sitiel espertara una grande curiosidade. Cando os cieños atacaran e deixaran aos Orcos rodeados entre o lume e carabelas, algúns poucos inxeniarónse para tratar de escapar por una cova oculta entre a maleza que conectaba co mar.



O único que sabe a xente a partir de aí é que escaparon, e el tiña una hipótese: como os Orcos profesaban a relixión aídrista, crían na existencia do lexendario Botín de Horbiella que, ademáis de xoias, a lenda describe armas encantadas capaces de destruír exércitos enteiros dun día a outro; deberon actuar por fé cando se deron conta de que Neimne coincidiría coa descrición que exponía, e se todo era certo, só tiñan que buscar nun acantilado e encherse do valor necesario para plantarlle cara ás tropas cieñas. Neste punto da historia Sitiel perdíase, xa que estaba claro que non atoparan nada, pero negábase a recoñecer que Neimne non tiña nada que ver.

Esta foi a segunda razón pola que se volvera tolo, e o peor, é que Morris lle cría.

Lide sacou do seu mazo a carta do Secvaz da Bruxa e soubo que a partida chegara ao seu final. A continuación, Morris saíu a paso rápido do bar con eco de burlas na súa cabeza e un forte desexo que xa experimentara moitas veces de marcharse de Dreleno para non volver xamais. Odiaba a Lide, ao seu pai, aos egoístas marisqueiros, a Lodro e a Dolome por sempre estar os seu lado para rirse del, aos minúsculos cangrexos que atrapaba por non saciarlle a fame que o carcomía... De súpeto, no medio do cólera, veulle a imaxe dunha muller alta, delgada, co cabelo castaño cano recollido nunha longa trenza que lle chegaba á altura da cintura...

-Sabes o que tes que facer se se volven meter contigo? -A súa nai díxeralle iso poucos días antes de perecer, cando el non era máis que un neno pequeno. Acordábase desa escena cunha exactitude abrumadora.

-Non. -Respondéralle el.

-Tes que deixalos afogándose na súa estulticia, e contar ata dez.



Respirou fondo o tempó que necesitaba para relaxase, pero precisamente nese momento tiña que aparecer el. Dolome acababa de vir de pescar cos seus amigos e quería regocixarse diante dos demais do que conseguira, seguramente se dirixía ao bar, pero xa que estaba el alí diante non ía a perder aquela oportunidade. Ao xirarse na súa dirección, dáballe o sol de fronte.

-Estás meditando sobre a partida que acabas de perder, non? —Morris decantouse polo silencio outra vez mentres o deixaba afogándose na súa estulticia. "Un" -Estaba convencido de que xa perderas tódolos teus cartos, agora apostas ratas ou pulgas? -Non pareceu importarlle que non respondera, seguramente pensaba que iso significaba que estaba conseguindo sacarile de quicio. "Dous" -Sabes?, levo moi pouco tempo aquí pero fíxoseme saber por todos que, nesta vila hai un moi bo exorcista, por casualidade poderíasme dicir onde atopalo? Non é por mm, é para o teu pai. -"Dez".

Marchouse de diante súa antes de que lle dixera nada dos peixes.

Esa mesma noite roubou unha barca no porto e remou ata que perdeu a noción do tempo, só pensaba nas ganas que tiña de saír de alí. Perdeu de vista Dreleno para sempre, e foise acostumándose a espertar cada mañá e só ver a inmensidade do mar. Tiña as ideas claras, desembarcaría na costa Neimne e tomaría aquel sitio como o seu fogar. E así foi.

Co tempo, construí unha cabá no centro da illa e aprendeu a cazar canso da súa dieta a base de peixe e marisco. Xa non tiña que escoitar nunca máis nin a Lide nin a Dolome, e, dende que marchara, ninguén fora a molestarile, feito que agradecía infinitamente. Levárase consigo os seus apreciados mapas para que eles non o poideran ver xamais. Un día, pensou que podería queimalos, agora era libre e podía facelos de lugares reais.

Unha tarde perdeuse ao ir buscar froitos, logo de dar voltas e voltas en círculo, non recorda moi ben como, acabou na praia. Quedou uns segundos embobado mirando aquelas augas cristalinas que tanto lle gustaban, e estoitando a oleaxe. Estaba nunha zona da illa que non inspeccionara con anterioridade, sentiase completamente perdido ao pé daquel acantilado.

Resultoulle moi estraño que na parede de arenisca houbera múltiples buratos. Movido pola curiosidade, acercouse e palpou o interior coa man, e logo meteu o brazo enteiro e nin así chegou ao final. Para a súa sorpresa atopou unha perla no seu interior, isto levouno a probar sorte nos demais. A cada burato que probaba obtiña cada vez máis, e non só iso, tamén un puñado de moedas de ouro. Aínda que non tiña ningún valor para el, gardounas no peto e finalmente conseguiu dar co camiño de volta.

Ceou una macedonia e, despois de farto, sacou as xoias para examinalas na comodidade da súa cabá. Descubriu que tiñan que ser moi antigas poio gravado das moedas, pero non entendía por que estaban en tan bo estado e nin sequera tiñan po. Cría estar soñando cando unha desapareceu, e ao pouco que se despistaba desaparecía outra. Colleu unha daga de forma instintiva. Ergueuse amodo mirando en todas direccións disposto a utilizala se se tratase do peor dos casos, que xa non se atopara na súa grata soidade habitual. Pero alí non había nada, nin sequera un atisbo de vento que puidese facelas caer da mesa. Concentrouse outra vez nas xoias... que quedaban, e esa vez si que viu como a moeda desaparecía.

Nos instantes que pasaban antes de dalle certa lóxica ao que estaba vendo deulle tempo a preguntarse mil veces que carallo era aquilo. Entón veulle a cabeza toda a paranoia do seu pai e a súa conxectura inacabada. Despois disto non tiña moi claro quen dos dous necesitaría realmente un exorcista. Tería Dolome razón? Non, o que tiña diante dos ollos era a resposta.

Todo encaixaba agora, ninguén está tolo. Os Orcos chegaran a Neimne e non atoparan nada, simplemente porque desaparecera da mesma maneira que as moedas. Segundo a lenda, as armas e as xoias estaban no acantilado dentro dun gran baúl con remates de ouro e prata, un baúl que pertencera á raíña Horbiella, supoñíase que estaría á vista, pero movéronas, elas movéronas.

Pronunciou o seu nome en voz alta con incredulidade;

-Fadas.

